

“No salón de sesións do Concello de Guitiriz, as 13:00 horas do venres 19 de febreiro, o Xurado do 1º Premio *Xosé María Díaz Castro de Poesía* composto por:

Miguel Anxo Fernán-Vello. Presidente.

Ánxela Gracián. Vogal.

Armando Requeixo. Secretario.

Emitiu o seu fallo, resultando como gañador:

RAÚL GÓMEZ PATO

Título: *Máscaras de Espellos*.

Lema: *Sólido Níquel*.

O xurado estimou que a obra ofrece unha escritura de grande altura estética, que amosa un excelente dominio da fórmula versal e o emprego dunha imaxinería neosurreal que abisma na interioridade de universos líricos de fascinio, atento tanto ás escenas do mínimo cotián como aos grandes sucesos do devir colectivo.

Poderosa dicción, contención e fulguración na palabra revelan neste poemario unha voz senlleira que moito presta visitar.

O Xurado salienta o alto grado de participación, así como a excelente calidade dos traballos, que evidencian a simpatía coa que goza esta primeira convocatoria, que leva o nome do máis insigne poeta de Guitiriz, que é o seu mellor embaixador.”